



jdíaz

Ref^m: Acta revisión primeiro exercicio proceso selectivo dúas prazas de ordenanza

Asunto: Acta revisión primeiro exercicio proceso selectivo dúas prazas de ordenanzas

ACTA DE REVISIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO REALIZADO DO PROCESO SELECTIVO POLO SISTEMA DE OPOSICIÓN PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE DÚAS PRAZAS DE ORDENANZAS, PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, UNHA EN QUENDA DE ACCESO LIBRE ORDINARIO (OEP 2018) E UNHA EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADO A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OEP 2017), QUE SE REXE POLAS BASES ESPECÍFICAS APROBADAS POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE LUGO Nº 9/48, NA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O TRES DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTEUN.

Sendo ás 9 horas da mañana do día 24 maio de 2.023, na Sala de reunións do Edificio de Novas Técnoloxias, sito na Praza Angel Fernández Gómez, reúnese o Tribunal cualificador da convocatoria do referido proceso selectivo mediante o sistema de oposición para o acceso en propiedade de dúas prazas de Ordenanzas, pertencentes o cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, unha en quenda de acceso libre ordinario (OEP 2018), e unha en quenda de acceso libre reservado a persoas con discapacidade (OEP 2017), que se rexen polas bases específicas aprobadas polo acordo nº 9/48 da Xunta de Goberno Local deste Concello na súa sesión do 3.02.2021, co obxecto de resolver as reclamacións presentadas polos aspirantes que realizaron o primeiro exercicio do precitado proceso selectivo, coa asistencia dos seguintes membros do mesmo que se citan a continuación:

Presidente: Dona Amparo Rubinos Hermida, Xefa do Servizo Participación e Atención Cidadá do Concello de Lugo.

Vogais: Dona María Hortensia García Montero, Xefa do Negociado do Servizo de Persdoal do Concello de Lugo

Don Carlos Bargeiras Vázquez, Xefe do Negociado Delineante do Concello de Lugo.

Dona Marina Díaz Álvarez, Ordenanza Servizo Sociais do Concello de Lugo

Secretario: Don Justo Díaz Rodríguez, Letrado Asesor / Vicesecretario Accidental do Concello de Lugo.

Vistas as reclamacións presentadas o Tribunal por unanimidade acorda:

Primeiro.- Desestimar as reclamacións presentadas polos opositores don Jorge López Santos, dona Marta Sánchez Sánchez, dona Inmaculada Jiménez Núñez, dona Mónica Santos Alvaredo, don Roberto David Rodríguez Gómez, dona Silvia Castro López, polas razóns que a continuación se recollen na presente acta:



jdiaz

Refª: Acta revisión primeiro exercicio proceso selectivo dúas prazas de ordenanza

Asunto: Acta revisión primeiro exercicio proceso selectivo dúas prazas de ordenanzas

PREGUNTA NÚMERO 1:

Resposta correcta: b)

O artigo 86 regula a terminación convencional dos procedementos, dispoñendo que os acordos, pactos ou convenios poderán ter a consideración de finalizados do procedemento administrativo; tendo polo tanto este un carácter especial fronte a forma normal de terminación que ven constituída pola resolución, desestímulo, renuncia ou caducidade.

PREGUNTA NÚMERO 5:

Resposta correcta: a)

O dereito á información pública, defínese como o dereito de calquera persoa a acceder á información pública que considere do seu interese e como tal ven recolleito no artigo 13 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP.

PREGUNTA NÚMERO 6:

Resposta correcta: b)

Os artigos 140 a 142 da Constitución Española, garanten a autonomía dos municipios e a súa suficiencia financeira.

PREGUNTA NÚMERO 8:

A pregunta formulada encádrase nos contidos do tema 5, temario específico.

PREGUNTA NÚMERO 10:

A "Rúa do Barbeito" está incluída no rúeiro oficial do Concello de Lugo, polo acordo número 8/99, adoptado na sesión ordinaria celebrada polo Excmo. Concello Pleno de Lugo o día 6 de setembro de 2004, "Cambio de numeración e distribución de rúas nas seguintes zonas do Núcleo Urbano: Rego do Espiño-San Lazaro, Louzaneta-Areeiras e Rego de Laxe-Estrada de Portomarin. Asignación de nomes a distintas rúas e espazos da cidade".

PREGUNTA NÚMERO 12:

O artigo 125 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local establece literalmente que:

"1. El Alcalde podrá nombrar entre los concejales que formen parte de la Junta de Gobierno Local a los Tenientes de Alcalde, que le sustituirán, por el orden de su nombramiento, en los casos de vacante, ausencia o enfermedad.

2. Los Tenientes de Alcalde tendrán el tratamiento de Ilustrísima".

Dentro dos membros que integran a Xunta de Goberno Local atopase o Secretario da mesma, designado legalmente a tal efecto, que ten asemesmo o tratamento de Ilustrisma.

No mesmo sensu se atopa recollido no artigo 28.3 do Regulamento Orgánico Municipal do Goberno e Administración do Concello de Lugo.

PREGUNTA NÚMERO 17:

A pregunta formulada encádrase nos contidos do tema 2, materias comúns.

Segundo.- Conforme ao disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, a presente publicación produce os efectos de notificación individualizada a cada un dos aspirantes que presentaran reclamacións o primeiro exercicio da presente convocatoria, significándolles, ademais, a posibilidade de presentar, no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte o de esta publicación, recurso de alzada nos termos establecidos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, ante este Tribunal cualificador ou ante a Xunta de Goberno Local como órgano competente para resolvelo.

E para que así conste e surta os efectos legais oportunos, levántase a presente Acta as 13 horas, no lugar e data anteriormente expresados, unha vez firmada por todos os membros do Tribunal, de cuxo acto este Secretario certifico.

Firmado por AMPARO RUBINOS
HERMIDA - ***4310** el día 30/05/2023
con un certificado emitido por AC
CAMERFIRMA FOR NATURAL PERSONS - 2016

A Presidenta do Tribunal.

Asdo.: Amparo Rubinós Hermida

O Secretario do Tribunal.

Asdo.: Justo Díaz Rodríguez.

Vogal.

Asdo.: María Hortensia García Montero.

Vogal.

Asdo.: Carlos Bargeiras Vázquez.

Vogal.

Asdo.: Marina Díaz Álvarez.



jdiaz

Refª: Acta revisión primeiro exercicio proceso selectivo dúas prazas de ordenanza

Asunto: Acta revisión primeiro exercicio proceso selectivo dúas prazas de ordenanzas